O centro determinará un horario diferenciado para cada ciclo de educación primaria e outro para o ciclo completo de educación infantil nas entradas e saídas do centro. Con estas propostas o que intentamos é evitar aglomeracións e tempos de espera nas entradas e saídas do centro. O éxito dependerá en todo momento do cumprimento dos horarios por parte de toda a comunidade educativa.

6º e 5º de educación primaria: 8.50h./ 14.05h.

4º e 3º de educación primaria: 8.55h./ 14.00h.

1º e 2º de educación primaria: 9.00h./ 13.55h.

Educación infantil: 9.05h./ 13.50h.

O centro determinará unha entrada/saída de referencia para grupo de convivencia, quedando determinadas da seguinte maneira:

6º Educación primaria: visto o centro de frente utilizarán a porta central.

5º Educación primaria: visto o centro de frente utilizarán a porta da dereita.

4º Educación primaria: visto o centro de frente utilizarán a porta central.

3º Educación primaria: visto o centro de frente utilizarán a porta da dereita.

2º Educación primaria: visto o centro de frente utilizarán a porta da dereita.

1º Educación primaria: visto o centro de frente utilizarán a porta central.

EI5: visto o centro de frente utilizarán a porta da dereita.

EI4: visto o centro de frente utilizarán a porta central.

EI3: visto o centro de frente utilizarán a porta da esquerda.

O centro determinará un uso de corredores preferentes para as entradas e saídas do centro. Seguirase a unión de grupos de convivencia.

6º Educación primaria: escaleiras dianteiras do centro.

5º Educación primaria: escaleiras traseiras do centro.

4º Educación primaria: escaleiras dianteiras do centro.

3º Educación primaria: escaleiras traseiras do centro.

2º Educación primaria: escaleiras traseiras do centro.

1º Educación primaria: escaleiras dianteiras do centro.

EI5: escaleiras traseiras do centro.

EI4: escaleiras dianteiras do centro.

EI3: escaleiras dianteiras do centro.

Dende a entrada dos alumnos ao centro, deberán estar na aula coa profesora que teña clase nese momento seguindo horario e comezará co protocolo de limpeza e colocación de elemento individuais seguindo as normas deste plan.

O centro non ten ningún plan para o uso de elevadores por non dispoñer deles. O único que tomará será medidas de uso da cadeira elevadora para minusvalías se se dese o caso durante o curso. Neste momento dita cadeira só sería utilizada e manipulada pola persoa coa discapacidade. Esta cadeira sería desinfectada diariamente durante o período que fose necesaria a súa utilización.

O centro non platejará a entrada ao centro coa colaboración dos pais do alumnado de educación infantil, único que sexa estritamente necesario nalgún momento.

As entradas e saídas do centro estarán en todo momento titorizadas polo profesorado con dispoñibilidade horaria nese momento, así como reguladas en todo momento polo equipo covid do centro.

Plano das portas e corredores de entrada e saída (Anexo IV)

Plano de corredores e escaleiras (Anexo V)

33. Previsión sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro.

O centro colocará a cartelería marcada polo protocolo de adaptación ao contexto COVID. Colocaranse os carteis de tamaño A3 nas entradas do centro, os aseos, as aulas e os corredores do centro. Con eles se recordará en todo momento as medidas de hixiene necesaria para un centro de hixiene responsable, a distancia correcta de seguridade e como debe ser o uso e limpeza nos aseos. Toda esta cartelería estará colocada antes do comezo de curso e reparase en todo aquel momento que se produza un deterioro dos mesmos.

Reservaranse os espazos de preferencia visual por riba de calquera outra cartelería.

A información será a xeral relacionada co COVID e coas medidas de seguridade.

Intentarase colocar ademais da cartelería propia da Consellaría outros de elaboración propia para que sexan máis doados de entender sobre todo para o alumnado máis cativo.

Nos aseos colocaranse letreiros no chan que marquen a zona de espera e a distancia que temos que ter entre nos nese momento así como un semáforo que os alumnos poidan cambiar de maneira autónoma para marcar se o aseo está ocupado ou baleiro.

34. Determinación sobre a entrada e saída de alumnado transportado.

O centro non dispón de transporte escolar polo que non crea ningún plan para este alumnado.

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia.

O centro, segundo os horarios establecidos para o profesorado no comezo do curso, e que é presentado ante a Inspección educativa no mes de setembro; determinará segundo

dispoñibilidade horario o persoal encargado da vixilancia de entradas e saídas, vixilancia de aseos e vixilancia de recreos.

Horarios de profesorado (Anexo VI)

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

36. Plan Madruga.

O Plan Madruga, levado a cabo por unha empresa externa ao centro, seguirá en funcionamento durante o curso 2020 2021. Quérese apostar da mesma maneira pola conciliación familiar durante esta pandemia.

Tomaranse as medidas establecidas pola Xunta de Galicia para o seu funcionamento.

- Distancia sanitaria de 1.5m.
- Uso de máscara en todo momento, tanto en educación infantil coma en educación primaria.
- Non uso de material comunitario.
- Menos de 25 alumnos no aula.
- Agrupamentos de alumnos por aulas de convivencia, cando sexa posible.
- Non uso de alimentos neste servizo.
- Limpeza e control de material utilizado de maneira individual.
- Limpeza da aula antes de despois do servizo.
- Apertura de ventás antes e despois do servizo.

Os alumnos que utilizasen este servizo segundo a hora de entrada de cada unha das idades irá pasando á súa aula seguindo as mesmas normas que o resto de alumnado. Utilizará en todo momento neste cambio a máscara e limpará as mans antes de saír.

O aula do plan madruga será ventilada antes do seu uso por parte do alumnado en horario lectivo.

37. Actividades extraescolares

As actividades extraescolares, levadas a cabo por unha empresa externa ao centro, seguirán en funcionamento durante o curso 2020 2021. Quérese apostar da mesma maneira pola conciliación familiar durante esta pandemia.

Tomaranse as medidas establecidas pola Xunta de Galicia para o seu funcionamento.

- Distancia sanitaria de 1.5m.
- Uso de máscara en todo momento.
- Non uso de material comunitario, se é necesario o seu uso serán desinfectados e os alumnos deberán seguir as normas de hixiene marcadas.
- Menos de 25 alumnos no aula.
- Agrupamentos de alumnos por aulas de convivencia, cando sexa posible.
- Non uso de alimentos neste servizo.
- Limpeza e control de material utilizado de maneira individual.
- Limpeza da aula antes e despois do servizo.
- Apertura de ventás antes e despois do servizo.

Plan para actividades extraescolares

No centro ofertaranse as actividades extraescolares como en anos anteriores.

Para o desenvolvemento das mesmas seguiranse unha serie de especificación para que non existan problemas no seu desenvolvemento:

- Crearanse grupos estables de convivencia para a realización das actividades.
- En todas aquelas actividades onde non sexa posible a distancia de 1.5m farase uso da máscara.
- En caso de que o grupo de actividade sexa na súa totalidade un grupo estable de convivencia do centro non serán necesarias as medidas de distanciamento.
- Tanto na entrada como na saída das actividades os alumnos deberán limpar as mans.
- O aula que se utilice para a actividade será ventilada sempre dez minutos antes de cada actividade e dez minutos cando se remate.

- Si se utilizan elementos comúns, que se procurará o non uso destes elementos, serán desinfectados antes e despois de cada uso.
- A limpeza das aulas de actividades seguirán as mesmas normas que o resto das aulas xerais.
- Os alumnos deberán ter o seu material diferenciado nunha bolsa co seu nome e en ningún caso deberán facer uso común do mesmo.
- Os alumnos serán sempre recollidos polo monitor responsable da actividade de maneira que se movan en todo momento en grupo. O punto de recollida será a entrada do centro, onde posteriormente á actividade serán recollidos polo pais ou titores responsables. Estes traslados faranse cunha distancia social de 1.5m entre alumnado.
- Os monitores das actividades en todo momento deberán utilizar a máscara, tanto en movementos e traslados como na propia realización da actividade.
- Nas actividades que sexa posible e que a climatoloxía o permita se realizarán ao aire libre.
- Nas actividades non se realizarán cambios de roupa ni se intercambiará pezas de roupa para xogar.
- Os pais e persoal docente non poderán entrar nas actividades se non é imprescindible a súa presenza. Cando isto sexa necesario deberán limpar as mans e levar máscara en todo momento, estando o menos tempo posible na estancia.
- En todas as aulas haberá dispensadores de xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

38. Determinación para xuntanzas de Anpas e Consello Escolar.

O centro non ten Anpa polo que neste punto non teremos referencia ás súas xuntanzas.

En canto ao Consello Escolar, o centro utilizará en todas as reunións desta entidade escolar o uso telemático, faranse polo tanto por medio de videochamadas. As reunións presenciais deixaranse só para os momentos onde non se puidera resolver de maneira telemática o tema a tratar o por algunha melloría da pandemia durante o curso escolar.

39. Tutorías e comunicacións coas familias.

O centro fará as tutorías coas familias por medio do teléfono do centro ou por medio de videochamadas.

As familias deberán pedir con antelación estas tutorías para poder traballar de maneira mais específica estas tutorías e poder realizar estas conexións con todas as garantías necesarias.

As tutorías presenciais só se deixaran para aqueles casos onde se poida producir unha desconexión por falta de medios das familias.

Seguiranse realizando no mesmo horario que estamos acostumados no centro, seguindo os días e as horas marcadas.

Luns: 3º e 4º de primaria de 16.00 a 18.00h

Martes: 5º e 6º de primaria de 16.00 a 18.00h.

Mércores: 1º e 2º de primaria de 16.00 a 18.00h.

Xoves: Educación infantil e AL e PT 17.00 a 18.00h.

Ao comezo de curso faranse as reunións cos pais de maneira telemática ou por teléfono cando sexa posible e presencial, con cita previa para evitar aglomeracións.

40. Normas para a realización de eventos.

O centro, polo momento decidiu suspender todos os actos públicos que poidan supoñer un problema de contaxio. Non se producirán os festivais conxuntos previstos en anos anteriores ata que as normas sexan de maior flexibilidade ou melloren as situacións sanitarias deste momento.

Si nalgún momento se ten que realizar algún destes eventos por necesidade escolar faranse baixo as normas da Xunta de Galicia (aforo e distanciamento).

O que o centro propón é a realización destas actividades de maneira diferente, participando de maneira diferenciada os distintos grupos de convivencia. Gravaranse ditas actuacións para poder realizar visionado por parte dos pais de ditos eventos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa vila.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

41. Medidas

O centro non ten alumando transportado por non contar co servizo de transporte escolar debido á situación do centro na zona vella da cidade.

MEDIDAS DO USO DO COMEDOR

42. 43. 44. Quendas. Lugar dos comensais. Priorización do alumando. Persoal.

O servizo de comedor, levado a cabo por unha empresa externa ao centro, seguirá en funcionamento durante o curso 2020 2021. Quérese apostar da mesma maneira pola conciliación familiar durante esta pandemia.

Tomaranse as medidas establecidas pola Xunta de Galicia para o seu funcionamento.

- Distancia sanitaria de 1.5m. ou de 1m se non están encarados.
- Uso de máscara en todo momento si non pode ser a separación.
- Non uso de material comunitario.
- Preferentemente utilizaranse bandexas individuais para a entrega da comida.
- Agrupamentos de alumnos por aulas de convivencia, cando sexa posible, para sentarse e para a socialización antes e despois da comida.
- Estableceranse grupos colaborativos.
- Farase un rexistro do lugar para sentarse á hora da comida, utilizarase ese mesmo sitio os días que asistan ao servizo de comedor.
- Limpeza e control de material utilizado de maneira individual.
- Limpeza do comedor antes e despois do servizo.
- Apertura de ventás antes e despois do servizo e durante cando sexa posible.

Polo aforo permitido, só se necesitará unha quenda como se viña facendo ata o de agora.

Os comensais serán separados por grupos de idade e aula, serán situados en fila e separados por como mínimo un metro e medio de distancia. Intentarase en todo momento que os alumnos, mentres estean comendo (imposible o uso da máscara, non fagan ningún desprazamento).

Durante o momento de aseo (limpeza de mans antes e despois da comida, así como a limpeza de dentes) os alumnos serán desprazados por grupos de convivencia e con máscara. Seguiranse quendas fixas para estes momentos, sendo dos máis pequenos ata os maiores para a priorización do alumnado máis lento á hora de comer.

Durante todo o resto do tempo o alumnado, tanto de infantil como de primaria terá a obriga de levar máscara posta para poder preservar as normas sanitarias.

Cada alumno terá unha bolsa individual onde ter os seus materiais necesarios para o comedor (mandilón, neceser de aseo, ...) que será repartido de maneira individual polos monitores do servizo.

O persoal deste servizo será sempre o mesmo e seguirá en todo momento estas normas establecidas entre o centro e a empresa que leva este servizo.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

45. 46. 47. Outras aulas (música, ximnasio, pistas cubertas, salón de usos múltiples,...)

Estas aulas ofrecerán as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Terán as mesmas dotacións (dispensadores de xel, panos desbotables, papeleiras de pedal,...). As aulas comúns terán limpeza xeral igual que o resto das aulas do centro, tendo en conta o uso de cada unha delas. Será unha limpeza máis exhaustiva por ser de uso común.

Ao ser espazo compartido terán ventilación de 10 minutos como mínimo. Para que estes tempos se cumpran o profesorado irá as aulas a buscar os alumnos mentres que se fai a ventilación.

Os alumnos do centro, nas entradas e saídas a estas aulas, o farán de maneira organizada, seguindo a separación sanitaria polos corredores, levando en todo momento a máscara e facendo o desprazamento con vixilancia do profesor responsable do aula.

Antes da entrada no aula e á saída o alumnado deberá limpar as súas mans. Deberán deixar o aula antes de saír limpo e recollido e desinfectados os seus postos de traballo.

O uso destas aulas terán horario fixo, como se viña facendo xa con anterioridade no centro.

En canto o aula de música, neste curso será utilizada só nos momentos onde a mestre de música o considere como uso esencial. O resto das clases daranse dentro da aula común para realizar a menos cantidade de movementos polo centro co alumnado. Procurarse non utilizar material común, se é necesario este uso será desinfectado en todo momento antes e despois do seu uso e se é posible quedará en corentena de como mínimo 24 horas. Intentarase implicar en todo momento aos alumnos neste proceso para que se den conta de como se debe proceder co uso compartido de material. Para a realización de actividades coma o uso da fruta ou actividades de canto farase unha separación do alumnado maior (3 metros).

En canto a aula de educación física e pista cuberta, será utilizado polo grupo clase nos momentos en que sexa necesario. Procurarase, sempre que sexa posible por horario e meteoroloxía o uso do espazo de recreo ao aire libre para facer estas clases. Non se utilizará, se non é imprescindible material común, se si fai uso será desinfectado antes e despois do seu uso e cando sexa posible quedará en corentena 24 horas. Intentarase implicar en todo momento aos alumnos neste proceso para que se dean conta de como se debe proceder co uso compartido de material. Os exercicios a realizar serán na súa maioría individuais, realizando modificacións na clase se fose necesario. O uso dos vestiarios no pavillón deportivos seguirán as normas establecidas polo establecemento.

Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física as medidas que se han de tomar:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mezclar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen as actividades no exterior, de maneira individual, a mais de 2 metros ou que o uso da máscara sexa de uso imposible ou inadecuado para a unha actividade concreta. Coidarase o uso por parte de educación infantil á hora de psicomotricidade por permanecer o maior tempo da clase en ximnasio.

En todo momento se adaptarán as metodoloxías da aula para minimizar o contacto entre o alumnado e co material necesario. En todo caso intentarase que non estean encarados a menos de un metro de distancia.

48. Biblioteca. Normas

A biblioteca escolar terá un aforo do 50% como así o manda o protocolo establecido pola Xunta de Galicia para o COVID.

Os alumnos antes de entrar e saír deberán facer unha hixienización das súas mans.

Os alumnos deberán entrar na biblioteca en todo momento ca máscara, se non se fai uso da mesma por parte de un só grupo de convivencia.

As normas da biblioteca, en canto ao uso e préstamo serán as mesmas dos anos anteriores. Farase un punto de estancia de corentena para os libros de préstamo de polo menos 48 horas antes de poder ser outra vez utilizados.

Non se poderá estar mais de 10 minutos seguidos na biblioteca se non é estritamente necesario.

Este ano se procurará non ter postos de estudio nas gardas de recreo para evitar aglomeracións de alumnos innecesarias. Se é necesario que un alumno teña ese tempo de estudio deberá pedir cita previa ao responsable de biblioteca e se lle concederá un lugar específico dentro da biblioteca para este uso.

Non estará permitido a espera na porta dos alumnos para entrada á biblioteca cando o aforo sexa superado. Pedirán sempre que sexa posible, ser avisados polo responsable da biblioteca cando o aforo o permita.

Se ocupan postos de traballo ou de lectura, o alumnado antes de abandonar a biblioteca terán que hixienizar dito posto.

Os postos de traballo estarán colocados como no resto das aulas do centro, tendo en conta a separación dun metro entre cadeiras e en filas mirando cara o posto do responsable de biblioteca.

A biblioteca non terá apertura libre por parte do profesorado. Si unha clase quere facer uso da mesma deberá pedir ao responsable de biblioteca unha cita previa para o seu uso, deberá seguir as normas establecidas neste plan para o seu uso e deberá deixar hixienizados os postos de traballo utilizados antes da súa marcha. Si necesita algún préstamo de libros para traballo na aula, estes entrarán en corentena antes de ser devoltos e deixaranse directamente ao responsable da biblioteca.

Evitaranse en todo momento o uso compartido de material da biblioteca (xogos de mesa, ordenador de consulta, ...). De ser o caso, deberá hixienizarse antes e despois de cada uso.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS

50. 51. Horario de recreo. Espazos. Divisións. Profesorado de vixilancia. Horario de horario de convivencia estable.

O centro tomou a decisión, seguindo as normas específicas marcadas pola Xunta de Galicia, de separar os recreos, creando quendas por ciclos. Seguirase así o aforo de 50 alumnos xuntos nun recreo.

Para poder determinar este aforo o centro decide separar da seguinte maneira as súas quendas de recreo e reducilas a 25 minutos por necesidade horaria, deixarase os 5 minutos restantes para descanso dentro do aula:

Os alumnos de educación infantil baixarán todos xutos ao recreo marcando tres zonas no mesmo diferenciadas para o xogo por aula. Procurarase, si así o certifican os pais o uso de máscara para o xogo, aínda que non sexa necesaria nestes grupos.

O alumando de 1º e 2º de primaria baixarán ao mesmo tempo, tendo dous espazos diferenciados dentro da praza para o xogo. Procurarase, si así o certifican os pais o uso de máscara para o xogo, aínda que non sexa necesaria nestes grupos.

O alumando de 3º e 4º de primaria baixarán ao mesmo tempo, tendo dous espazos diferenciados dentro da praza para o xogo. En todo momento os alumnos levarán máscara durante os recreos.

O alumando de 5º e 6º de primaria baixarán ao mesmo tempo, tendo dous espazos diferenciados dentro da praza para o xogo. En todo momento os alumnos levarán máscara durante os recreos.

Cando o tempo meteorolóxico non o permita os recreos serán individuais dentro da aula con grupo de convivencia.

Dentro destes recreos se fará a merenda do alumnado para que sexan separados suficientemente para que non existan contaxios por falta de distancia sanitaria.

As quendas de vixilancia dos recreos serán as mesmas que nos cursos anteriores, xa que xa son reforzadas en todo momento por ter o recreo nunha praza pública.

O alumnado contará unha papeleira de pedal específica para retirar todo o refugallo susceptible de contaxio e unha papeleira normal para o resto dos refugallos que se poidan crear.

Non existirá uso común de material de xogo. Se nalgún momento fose utilizado será hixienizado antes e despois do seu uso.

Non estarán permitidos os elementos individuais de xogo propio por mor do mal uso dos mesmos.

Horarios de recreo

Educación infantil: 10.50h a 11.15h / 13.00h a 13.25h

1º e 2º EP: 11.15h a 11.40h

3º e 4º EP: 11.40h a 12.05h

5º e 6º EP: 12.05h. a 12.30h

Garda de recreo. Para realizar as vixilancias e os grupos de convivencia estable, o profesorado soamente realizará gardas no nivel onde imparte docencia. O profesorado especialista será asignado a un determinado nivel para completar o cadro.

Educación Infantil: 2 mestres en zona e un en aseos

1º e 2º EP: 2 mestres en zona e un en aseos

3º e 4º EP: 2 mestres en zona e un en aseos

5º e 6º EP: 2 mestres en zona e un en aseos

Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula, e, usando máscara, permitirase a interacción entre mesmos, de diferentes grupos, dentro da mesma aula. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas na posición batente durante todo o recreo.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

52. 53. Metodoloxía de aula. Uso de aseos. Recantos. Material de aula. Recreos. Merenda.

Ao comezo do curso estableceranse as normas para os alumnos de estas clases marcando o seu recordo todas as mañás antes de comezar a xornada lectiva.

- Hixienización de mans antes da entrada ao aula. O profesor terá no seu posto de traballo, non ao alcance dos nenos o xel, e limpiará ao alumnos as mans antes da

entrada. Do mesmo xeito realizarase antes da saída ao recreo e a volta a clase e antes da saída do centro.

- Educación na saúde. Explicarase cada día aos alumnos as normas de hixiene e distancia que deben seguir para que non existan problemas da saúde dentro do centro.
- Aseos. Estableceranse quendas de aseo. Antes das merendas e en todos os momentos de uso do servizo terán que lavar as mans con auga e xabón. Seguiranse as normas de aforo sempre que non sexa uso compartido só dos grupos de convivencia. Atopámonos coa complexidade de que as aulas de 3 e 4 anos teñen aseos compartidos, polo que se sinalizará un sanitario para cada aula e evitarase que coincidan simultaneamente alumnos das dúas aulas. Despois de cada uso pasarase un pano de papel con xel hidroalcohólico para a súa desinfección.
- Traballo no aula. Sempre será individualizado. Se é necesario o traballo cooperativo será en momentos moi concretos, creando sempre que sexa posible grupos colaborativos estables para todo o curso. Isto será recordado aos alumnos cada día para que entendan a importancia do distanciamento tamén dentro do aula. Variará a distribución do aula pero procurarase facer grupos de mesa de 4 ou 5 alumnos en educación infantil. Nos cursos de educación primaria estarán sentados de maneira individual mirando cara o profesor.
- Asamblea. No canto de facela todo o alumnado sentado e xunto na zona de tarima, realizarase cos nenos sentados no seu lugar nas mesas, excepto o equipo encargado esa semana de levar a cabo as rutinas iniciais, que ocupará a zona que se destinaba a todo o grupo. Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nestas aulas o dispensador de xel non estará na parede ao alcance dos nenos, xa que isto podería supoñer un risco, polo que as aulas terán dispensadores de man situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa necesario.
- Recunchos. Marcaranse quedas de recuncho de grupos non superiores a catro alumnos. O material utilizado será desinfectados antes e despois de cada uso. Recordaráselles o alumnado que deben ser responsables de non gardar ningún

material sen ter ante pasado polo posto do profesor para a súa limpeza. Ao mesmo tempo procurárase o uso individual do material de cada recuncho, sendo limpados antes de ser utilizados por outro alumno. Os materiais de xogo non necesarios ou de menor facilidade de limpeza serán retirados do aula. Os grupos creados para a ubicación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca. Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca.

- Uso de máscara. Recordarase aos alumnos todos os días que non é necesario o seu uso dentro do aula (en infantil) e que non deben quitala nos cursos de primaria, sen embargo se lle recomendará o uso da mesma en movementos polos corredores ou no recreo aínda que non sexa obrigatorio o seu uso, así como no aula a todos os alumnos que non se vexan indispostos cos seu uso.
- Merenda. Realizarase de maneira xeral na zona de recreo ao aire libre. Se non é posible por mor da climatoloxía farase no aula sentados cada un nos seus sitios para que exista a distancia sanitaria necesaria. No momento da merenda separaranse as mesas de cada equipo para ter unha maior distancia frontal entre o alumnado. Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado, que, neste caso puntual, empregará luvas.
- Recreos. Levaranse a cabo seguindo as normas específicas de centro marcados no punto anterior.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL

54. Previsión de uso de espazos.

O centro non ten este tipo de estancias polo que non crea neste punto ningunha medida a tomar.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DO NEE

55. 56. Medidas concretas. Persoal docente e relación con este alumnado.

Recomendaráselle ao alumnado e ao profesorado a utilización de máscara en todos os seus desprazamentos e mentres estean na clase, sempre que non prexudique ao alumno dentro do seu desenvolvemento de clase normal. Se o alumno non pode usar máscara e non hai posibilidade de ter a distancia de seguridade o profesorado e acompañantes terán a posibilidade de usar pantallas ou viseiras para a protección entre os dous.

Para o alumnado sen autonomía poñerase a disposición dos pais, nais ou titores un protocolo de entradas e saídas individuais para que non se prexudique a este alumnado. Os responsables do alumno deberán ter un especial coidado nestes movementos dentro do centro para non causar ningún problema ao resto da comunidade educativa. Neste protocolo específico organizarase o acompañamento do alumnado nas entradas e saídas, cambios de aula, recreos, actividades, necesidades específicas en aseos,... Remarcárase a necesidade en todo momento do uso de máscara por parte dos acompañantes e do alumnado. Hixienización antes e despois de estar co alumno de mans por parte de todos (acompañantes e alumno). Asignación dun aseo propio para este alumnado onde se intensificará a limpeza e desinfección. Ademais adaptaranse todas as medidas que fosen necesarias para a comodidade deste alumnado dentro do centro (cartelería, información, aulas virtuais, entradas e saídas,...).

O profesorado de AI e PT traballará en constante coordinación co equipo Covid por si fose necesario adaptar algunha medida máis específica para este alumnado ao longo do curso. O equipo COVID será o encargado destas adaptacións e da comunicación das mesmas ao persoal docente, a familia do alumnado e a Consellaría de Educación para a súa aprobación.

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

57. Normas. Reunións do profesorado. Máquinas de uso común.

Corresponderalle ao profesorado ser exemplarizantes cara o resto da comunidade educativa.

O profesorado terá unha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, botes de xel hidroalcohólico e material de desinfección para o seu posto de traballo nos cambios de aula.

O profesorado deberá ter o seu material de uso para clase marcado e separado para uso individual, sen poder utilizar o mesmo por varios profesores que asistan ao aula. Cada profesor deberá ter o seu material e levalo se ten cambio de aula.

Todo o profesorado que cambie de clase ou salga do seu aula ao final da xornada lectiva deberá deixar o seu posto de traballo recollido e hixienizado.

O centro terá como norma xeral o uso da máscara en todo momento para o profesorado do centro. Fará uso da mesma tamén dentro das sala de profesor e despachos de uso común para o profesorado.

Só se permitirá o non uso da máscara cando o aforo sexa o suficientemente baixo para ter entre o profesorado unha distancia maior aos 1,5 metros. Nestes casos, e so para os descansos marcados na mañá poderán sacar a máscara poñéndoa no momento que xa non sexa posible dita distancia.

O aforo máximo para o uso da sala de profesores será de 7 persoas e de 3 nos despachos individuais de uso do profesorado.

O centro terá como norma a continuidade do uso das máquinas de uso común para o café e o auga. Cada vez que sexan utilizados serán hixienizados pola persoa que o utiliza. Todos os elementos serán hixienizados ademais dúas veces ao día e os elementos de uso (vasos, elementos anexos) serán gardados de maneira que o seu uso non teña punto de contacto entre distintos usos.

As reunións do profesorado do centro levaranse a acabo de maneira xeral de forma presencial. Farase seguindo o distanciamento social de 1,5m de distancia entre persoal e utilizarase para estas reunións un aula en vez da sala de profesores, debido a imposibilidade de dito distanciamento na mesma. Utilizarase a maneira telemática nos momentos que as reunións non se poidan levar a cabo desta maneira ou si se producen

cambios nas normas de aforo nos centros educativos. Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal. Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcolico.

As reunións titoriais levaranse a cabo por teléfono ou videochamada. Se ten que ser de maneira presencial levarase a cabo no aula para poder recibir aos dous proxenitores xuntos e ter un distanciamento de mais de 1,5m. Estas últimas serán utilizadas só se é expresamente requiridas polos pais por falta de medios para facelas doutra maneira.

MEDIDAS ESPECÍFICAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

59. Formación para o profesorado. Formación do alumnado.

O centro, como ven facendo en anos anteriores seguirá co seu plan de formación do profesorado anual. Para isto traballaremos como se fixo xa con anterioridade con entidades colaboradoras co centro (CEFORE, entidades de formación privada, Concello de Pontevedra).

Este ano, pedirase ao profesorado que polo menos fagan algún curso marcado na educación para a saúde (moitos dos nosos profesores xa participaron en algún deles en anos anteriores), formación en hixiene e protección para saúde, deporte, alimentación saudable e primeiros auxilios.

O equipo COVID proporcionará ademais toda a información que reciban por parte do Sergas para tomar medidas de protección e prevención contra o COVID a todo o profesorado. Proporcionarán a adquisición de habilidades sobre a comunicación correcta de casos COVID dentro do centro.

Nos ciclos de educación infantil e primaria, o alumnado recibirá durante todo o curso unha formación sobre a importancia da hixienización constante como maneira de protección, especificación de que é e que supón para a humanidade a aparición do COVID. Ademais se proporcionará, como xa se viña facendo en anos anteriores, ciclos de formación para a saúde, os hábitos de alimentación saudable e a vida activa. O centro forma parte do programa Galicia Saudable.

Para esta formación do alumnado utilizarase toda a información dada pola Xunta de Galicia, O Sergas e a formación do profesorado durante este ano e en anos anteriores. Ampliaranse ademais os temas transversais relacionados con estes temas, deixando este ano outros de menos consideración para que a formación do alumnado sexa máis ampla. Utilizaranse para estes temas vídeos de vida saudable (alimentación, actividade física, benestar emocional,...), webs de estilo de vida saudable,...

60. Difusión das medidas e comunicacións a Consellaría de Sanidade e Educación.

O centro terá como medio de comunicación directa coa comunidade educativa a súa páxina web, onde se creou un punto diferenciado para o COVID, onde se publicará todo o relacionado co tema.

- Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2020 2021
- Plan de Continxencia á situación COVID-19 no curso 2020 2021
- Avisos da Consellería de Sanidade
- Avisos da Consellería de Educación
- Avisos do Sergas
- Normas específicas do centro.
- Avisos do COVID-19 da comunidade.
- Materias do Ministerio de Sanidade sobre o COVID

Ademais utilizaranse o whatsapp e o correo electrónico como punto directo de información se esta debe ser de maior brevidade e de lectura obrigatoria.

Onde se teña constancia da non posibilidade do uso destes medios farase a comunicación por medio do teléfono. Procurarase en todo momento que toda a información chegue a toda a comunidade educativa coa maior brevidade posible.

61. Profesorado encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais.
Responsable da comunicación coa UAC.

O centro implantará as aulas virtuais en todas as clases do centro, dende educación infantil ata primaria. Utilizaranse indistintamente se se ten que traballar ou non de maneira telemática por mor dun abrocho no centro.

As aulas virtuais serán un tema dentro das aulas ao comezo do curso escolar. Ensinarase aos alumnos como é un aula virtual, que partes deben ser utilizadas por eles e cales por parte dos pais e que poden encontrar dentro de cada aula virtual.

Durante o comezo do curso tamén se proporcionará aos pais toda a información necesaria mediante formación de videos titoriais de como deben traballar os seus fillos coa aula virtual da clase.

Se existe algún abrocho no centro os alumnos deberán saber xa de maneira intuitiva traballar coa súa aula, de aí a importancia da formación ao comezo do curso.

Os responsables da preparación das aulas virtuais serán

- María Jesús Mirón Martínez
- Ana Gómez Mirón
- María Vidal Fernández
- Beatriz Vidal Fernández

As súas funcións irán dende a implantación das aulas virtuais en cada curso, a formación do profesorado ao comezo do curso, formación do alumnado se se dese o caso, aclaración de dúbidas, axuda e soporte técnico ao resto do profesorado, ...

O responsable de falar coa UAC

- María Jesús Mirón Martínez